



BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DE TRES (3) PEÓNS/PEOAS FORESTAIS DO PROGRAMA APROL RURAL 2022 DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a contratación de tres traballadores como peóns/peoas forestais, grupo de cotización 10, en réxime laboral temporal para a mellora de ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado “Aprol Rural Boqueixón 2022”, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Consellería de Emprego e Igualdade, ó abeiro da ORDE do 7 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (Consellería de Emprego e Igualdade), publicada no DOG. Núm. 21 do 1 de febreiro de 2022.

SEGUNDA. Publicidade.

A publicidade das bases farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

TERCEIRA. Duración dos contratos, modalidade contractual e retribución.

1 O carácter do contrato é temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación: Peón/peoa forestal

Núm. de postos: 3

Grupo de Cotización: 10

Xornada: Completa (100%)

Duración: 9 meses.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Boqueixón.

Funcións: Levarán a cabo actuacións:

- Mantemento de áreas recreativas.
- Mantemento de zonas verdes e das especies autóctonas e controlar as especies.
- Mantemento e limpeza de beirarrúas e vías municipais, e regatos.
- Labouras de limpeza e acondicionamento das fincas do concello onde se sitúan depósitos de auga.
- Limpeza no entorno dos paneis interpretativos e das rutas de sendeirismo.
- Colaborar cos axentes e traballadores forestais para a prevención e loita contra incendios.
- Labouras de poda.



- Eliminación de herbas invasoras e controlar malezas empregando ferramentas, maquinaria e produtos químicos (operar coa motoserra e outra maquinaria mecánica).
- Recollida de residuos (retirar madeiras e polas) e xestión da biomasa forestal nas vías e camiños de titularidade municipal.
- Realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, ...

2 A modalidade contractual: contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, segundo o establecido na Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro,

3 A selección dos/as traballadores/as será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de 95.431.028.

4 A retribución do salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras do traballadores é de 1.276,45 euros/mes.

CUARTA. Requisitos dos/as aspirantes para participar no proceso selectivo, presentación de documentación e prazos.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

1 Ser español/a ou membro da Unión Europea. (Presentación DNI orixinalou copia compulsada)

2 Ter cumpridos os 16 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa. (Presentación DNI)

3 Declaración xurada: ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. (Xúntase anexo I).

4 Declaración xurada: non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa. (Xúntase anexo I).

5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas. (Xúntase anexo I).



6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).

7 Estar inscrito/a como persoa desempregada no Servizo público de Emprego como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde do 7 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural), que no punto 5 establece literalmente:

“Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (IPI), tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

8 Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as no correspondete co **código do CNO de 95.431.028** na Oficina Pública de Emprego de Galicia.

9 As persoas traballadoras que foran contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde (artigo 14º, punto 2).

10 Estar en posesión do permiso de conducir B. (Presentación do permiso de Conducir B)

11 Achegar anexo I. Cuberto e asinado no anverso e no reverso.

O concello solicitará candidatos/as para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte no prazo máximo de dous días hábiles dende o día seguinte ó da publicación do



anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso os/as candidatos/as que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

Proba práctica e documentación acreditativa de méritos:

Datas para a realización da/s proba/s.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o Concello de Boqueixon acorden) nas dependencias municipais do Concello de Boqueixón que se acorde, co DNI e máscara.

Os/as candidatos/as deberán realizar unha ou varias probas prácticas para optar ás prazas.

Os/as aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (solicitando cita previa en horario de 9:00h a 14:00h) dende a data no que se lle comunica que **está preseleccionado/a ata ó día anterior da realización das probas prácticas**. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non poderá ser baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

Os/As candidatos/as, poderán achegar os documentos acreditativos para a valoración de méritos:

Mulleres e maiores de 45 anos	DNI
Mulleres vítimas de violencia de xénero	1 DNI. 2 Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección
Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1 Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social actualizado mínimo na data de publicación destas bases. 2 DNI. 3 Titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado
Persoas paradas de longa duración	1 DNI



Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego	2 Informe de Vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia, actualizados mínimo na data de publicación destas bases.
Persoas con discapacidade	1 DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade igual ou superior ao 33%.
Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1 DNI 2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
Integrantes de colectivos desfavorecidos	1 DNI 2 Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1 DNI 2 Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI's actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1 DNI 2 Copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado /informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.
Acreditar nivel de desemprego	Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, ou non perceptor actualizados mínimo na data de publicación destas bases

QUINTA. Comisión seleccionadora

Composición da comisión seleccionadora

1 A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e



homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE:

O secretario interventor da corporación ou funcionario/a en quen delegue,

B.- VOGAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO/A:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. Proceso de selección.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proceso selectivo		Máximo a puntuar
FASE DE PROBA	Proba/s práctica/s	28 puntos
VALORACIÓN DE MÉRITOS		12,50 puntos
TOTAL		40,50 puntos



1º.- FASE DE PROBA:

Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatoria**

PROBA PRÁCTICA: *Terá unha puntuación máxima de 28 puntos*

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola Comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Sendo 14 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

As probas estarán relacionadas cas funcións redactadas na base terceira.

2º VALORACIÓN DE MÉRITOS: *Terá unha puntuación máxima 12,50 puntos*

A Comisión de Valoración examinará toda a documentación entregada polos/as aspirantes.

Os méritos deberán acreditarse dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas tal e como se indica na base cuarta, e deberán manterse ata a realización do contrato.

Establécense os seguintes criterios específicos a valorar: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando unha puntuación máxima de 12,50 puntos, tal e como segue:

PUNTUACIÓNS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS:

1 COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 9,50
Mulleres	Mulleres 1 punto Vítima de violencia de xénero 1 punto	Máximo 2 puntos
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 1 punto. No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos.	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).		1 punto
Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.		1 punto
Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por		1 punto



desemprego a que tivesen dereito.		
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia.		1 punto
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.		2 puntos
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo
		3 puntos
Existencia de responsabilidades familiares.	(Entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento). 0,50 puntos por persoa a cargo.	Máximo 2 puntos
O menor nivel de desemprego.	Perceptores de desemprego: 0,25 puntos. Perceptores de subsidios: 0,50 puntos. Non perceptores: 1 punto.	Máximo 1 punto
PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2		Máximo 12,50 puntos

A acreditación documental das distintas situacións nas que se atopan os/as traballadores/as desempregados/as convocados/as están expostas na BASE CUARTA.

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.

2º) Se persiste o empate priorizarase aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

3º) De persistir o empate atenderase á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.

4º) De persistir o empate atenderase á data de nacemento dos candidatos/as maiores de 45 anos, entendéndose que teñen prioridade o de maior idade sempre e cando non exceda a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.

5º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.

6º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado nivel de



desemprego.

7º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada na proba práctica.

8º) No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022 (letra "T", DOG núm. 24 do 4 de febreiro de 2022). Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

SÉTIMA. Resolución e formulación de contratos

1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación.

2 **Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 5 días naturais** ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón

3 Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos 3 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte dos/as candidatos/as nomeados para o posto dos requisitos recollidos na Base cuarta, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós/ás integrantes da lista de reserva dereito algún en relación á outros procesos de contratación.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

4 As persoas titulares das prazas deberán cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación e ademais estarán obrigados antes da formalización de contrato (no prazo que lle indique o concello de Boqueixón) o seguinte:

- Aportar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Aportar o certificado IBAN de conta bancaria na que figure como titular.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, no lugar e data que lle indique o concello de Boqueixón.

5 Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

6 A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

7 En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a prestación económica algunha.

OITAVA. Incidencias

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

NOVENA. Lexislación aplicable

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que e se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es